



**Labañou Solidaria**

**MEMORIA FINAL DE EXECUCIÓN DO  
PROXECTO BIANUAL “REFORZAMENTO DO  
TECIDO ORGANIZATIVO LOCAL E  
XERACIÓN DE RENDAS MEDIANTE O  
DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE EN  
VILCABAMBA – PERÚ”  
(FASE II – 2006-2007)  
(Anualidade 2007)**

A Coruña 10 de diciembre de 2007

## **INDICE**

- 1.- INTRODUCCIÓN
- 2.- ANTECEDENTES
- 3.- RESULTADOS AGARDADOS “ANTES DO INICIO DO PROXECTO”
- 4.- OBXECTIVOS FIXADOS PARA O PROXECTO BIANUAL 2006 – 2007.
- 5.- CRONOGRAMA DEFINITIVO DE EXECUCIÓN DE ACCIÓNS (2006-2007)
- 6.- TÁBOA RESUMO DA EXECUCIÓN E INDICADORES DE REALIZACIÓN RELATIVO Á SEGUNDA ANUALIDADE (2007)

## 1.- INTRODUCCIÓN:

En setembro do 2006, concedéuselle desde a Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia unha axuda á **ONGD Labañou - Solidaria** para a posta en marcha de diferentes actividades que tiñan como obxectivo último xerar un proceso de incremento das rendas por parte da poboación local de Vilcabamba, tendo como eixo de actuación o turismo - **TURISMO VIVENCIAL**-, con base no respecto ao medio natural, á identidade e cultura local e dende o fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As diferentes actuacións artelláronse ó redor dun **Plan de desenvolvemento turístico** realizado de xeito participativo coas asociacións, empresarios e institucións xa no ano 2003. Neste Plan conflúen outras actuacións complementarias e paralelas como son o reforzamento e estruturación da comunidade e do seu persoal técnico, sentar as bases para o desenvolvemento paralelo do sector agrario, traballar na sensibilización sobre a igualdade de oportunidades, así como a mellora educativa, a sanidade e o respecto polo medio natural.

Executado o proxecto 2006-2007 na súa totalidade pode considerarse que os obxectivos se teñen acadado en grande medida, que o proceso de desenvolvemento en Vilcabamba se ten reforzado e que o territorio está máis capacitado que antes de iniciar o proxecto para facer fronte ó seu futuro cos seus propios recursos.

Nesta memoria de execución recóllense as actividades realizadas durante a segunda anualidade deste proxecto bianual (ano 2007). Pártese do cronograma final de actuacións previstas para o 2007, tanto as fixadas inicialmente para ese exercicio, como as reformuladas por cuestión de índole diversa, dende o exercicio 2006 ata o 2007.

## **2.- ANTECEDENTES:**

A municipalidade distrital de Vilcabamba pertence á Provincia de La Convención, na Rexión do Cusco – Perú. A Rexión de Cusco atópase na zona sur do país, sendo atravesada pola Cordillera dos Andes, entre a zona da amazonía ó Leste e a zona de costa ó Oeste. O feito de encontrarse moi perto da liña ecuatorial (13ª), provoca que nas zonas de menor altitude (por baixo dos 600 metros), a climatoloxía seña típica de selva. O feito de estar a máis de 2.000 metros de altitude media, confire ó clima as peculiaridades de ser moi chuvioso e temperaturas templadas.

O Distrito de Vilcabamba é o máis extenso de todos os distritos da provincia de La Convención, estando a súa capitalidade en Pucyura. Ocupa un área de 5.046 Km<sup>2</sup>, cunha poboación total de 13.653 habitantes. Atópase enclavado na cordillera de Vilcabamba, nos Andes, definíndose dúas zonas claramente: 1) a zona sur do distrito, que sería a **microcuena do río Vilcabamba**, desde o nacemento do río que leva o mesmo nome ata a súa desenvocadura no río Vilcanota (pertencente a rede hídrica do río Amazonas), e que sería onde a ONG Labañou-Solidaria leva traballando desde o ano 1999. A outra zona sería a situada máis ao norte, limitada polo curso do río Urubamba.

Nesta microcuena do río Vilcabamba, a **área de actuación do proxecto de desenvolvemento de Labañou-Solidaria** abarca todos os pobos que atravesa o río, e que discurren paralelos á única estrada de terra que permite ó acceso ó interior. Na zona máis baixa, o pobo de Oyara, moi próximo á desembocadura do río Vilcabamba, se caracteriza polo seu clima cálido e baixa altitude. Continuando a estrada e remontando o río Vilcabamba cara o seu nacemento, van aparecendo outra serie de núcleos de poboación, de pequena entidade (máximo 800 habitantes), como son Tarki, Yupanca, Lucma, Pucyura, Huancacalle e Vilcabamba, xa a casi 2.400 metros de altitude, e caracterizados pola dureza do seu clima húmedo e frío, que impiden o desenvolvemento da agricultura, cun predominio histórico da gandeiría, hoxe en día en declive por causa das enfermidades.

A forma de chegar ata a microcuena do río Vilcabamba é desde Cusco a través da estrada de terra en dirección a Quillabamba, desviándose uns 30 kilómetros

antes de chegar, no lugar coñecido como Ponte Chaullay. Este traxecto, duns 180 kilómetros ven demorando unhas 10-12 horas desde Cusco.

## SITUACIÓN SOCIAL

Según datos de Carlos E. Aramburu (La población peruana: retos e perspectivas), Perú tiña no ano 2000 vintecinco millóns e medio de habitantes, tendo caído a taxa de crecemento demográfico desde os anos 80 do 2,4 % anual ó 1,7% do ano 2003. As proxeccións estiman que no ano 2020 a poboación rondará os 38 millóns de habitantes, sendo a franxa de idade a que está entre 40 e 59 anos a que máis crecerá. Destos datos dedúcese que o reto a curto prazo será a creación de emprego.

Esta poboación é maioritariamente urbana desde finais dos anos 60. No ano 2000 esta proporción de habitantes nas áreas urbanas é do 72 %. A poboación do rural é e será máis xoven que a urbana durante os próximos 10 anos, debido a súa fecundidade máis alta no rural.

Respecto á situación de pobreza, e pese a que a proporción de pobres non mudou entre 1990 e 2002, o número total de pobres ten aumentado en 3 millóns de persoas por fecundidade diferencial. Cerca dun tercio dos habitantes son pobres, e o 56% dos pobres extremos viven no medio rural.

En Vilcabamba a poboación está declarada polo goberno como de "extrema pobreza", debido a un alto índice de desnutrición infantil e a un alto porcentaxe de Necesidades Básicas Insatisfeitas (Fonte: Perú: mapa de necesidades básicas insatisfechas de los hogares a nivel distrital. INEI-UNFPA. 1994). A poboación é eminentemente rural, localizándose en un total de 176 núcleos poblados, e estando esta poboación moi diseminada. Non existe ningún tipo de industria ou manufactura, vivindo a xente da agricultura de subsistencia, aínda que nos últimos 5 anos teñen comezado a abrirse pequenas tendas de comestibles.

A ONG Labañou-Solidaria leva desde o ano 1999 traballando coa poboación local nun proxecto de desenvolvemento integral que abrangue os seguintes campos: 1.- Sanitario e de saúde básico; 2.- Comunitario e de organización da comunidade; 3.- Agropecuario; 4.- Educativo, co traballo nas escolas e coa posta en marcha de 4 becas de estudos superiores; e desde o ano 2002 comezou a traballarse co obxectivo de desenvolver o turismo, como futura actividade susceptible de incrementar as rendas. Para traballar este obxectivo, desplazouse a traballar voluntariamente un técnico en desenvolvemento, socio de Labañou-Solidaria, durante o ano 2002 e o 2003, sendo froito dese traballo a elaboración do Plan de Desenvolvemento Turístico (PDT 2003-2007).

O feito de traballar o desenvolvemento do turismo como posible fonte de recursos económicos da Comunidade, partiu da constación do paulatino incremento anual de turistas a Perú que se leva producindo desde finais dos anos 90, coa desaparición dos grupos terroristas desestabilizadores "Sendero Luminoso" e "Movimiento Revolucionario Tupac Amaru". A desaparición destes grupos ten permitido que o turismo e as inversións extranxeiras teñan fluído a ritmo constante desde entón.

Na actualidade, entidades como a UNESCO teñen advertido ó Goberno Peruano que o seu "produto estrela" do Perú, o MACHU PICHU (que recibe anualmente a máis de 500.000 turistas), corre grave risco de degradación. É por elo que desde distintos organismos peruanos (Instituto Nacional de Cultura (I.N.C. en adiante); COPESCO; Oficina de la Primera Dama; Ministerio de Turismo), teña sido necesario e prioritario desenvolver destinos alternativos ó Machu Pichu para evitar que os turistas teñan isto en Perú como único destino. Froito da colaboración co Goberno Francés, o goberno peruano a través do organismo COPESCO, se teñen rehabilitado os Xacementos de **Choquequiraw**, ó norte de Cusco e ó oeste de Machu Pichu, xacementos éstos chamados a "aliviar" ó transito ó Machu Pichu, e que están sendo fortemente promocionados polo goberno peruano.

O Instituto Nacional de Cultura de Perú ten rehabilitado xacementos da microcuenca do río Vilcabamba, sinalando como o máis destacable o de Rosaspata-Vitcos (que se atopa en Huancacalle, Distrito de Vilcabamba).

**No ano 2003** se tivo constatado por parte da poboación local un lento pero paulatino goteo de turistas, dando por certo que o turismo a Vilcabamba, iba a crecer de xeito inexorable. Labañou Solidaria e as institucións e organizacións locais e rexionais (como a Dirección Regional de Turismo), creían neste ano 2003, que si a poboación local se prepara, o modelo turístico pode xenerar rentas para a poboación local, sendo respetuoso coa cultura propia (no ano 2002 asinouse un "Manifiesto de Vilcabamba por un turismo sostible e respetuoso coa cultura local", por parte de todas as organizacións e institucións locais), detectando a necesidade de realizar un importante esforzo organizativo, de coordinación e de inversións, de xeito que o turista poida quedar satisfeito, vexa colmados os seus desexos e ademáis poida adquirir produtos de recordo, como artesanías ou produtos agrarios transformados, e por tanto poida realizar o gasto en Vilcabamba e non noutros lugares.

Para conseguir que Vilcabamba puidese converterse, como outros no Perú teñen conseguido, nun destino turístico de "turismo cultural e de natureza", reforzando as experiencias vivenciais coa poboación local, NECESITA FACER UN IMPORTANTE ESFORZO POR POÑEN EN VALOR OS SEUS RECURSOS, coordinándose coas institucións peruanas (como a Dirección Regional de Turismo e PROMPERÚ), as encargadas de ordenar o sector e promocionalo, respectivamente.

Na actualidade os turistas extranxeiros que chegan a Vilcabamba son fundamentalmente xóvenes, de entre 20 e 40 anos en busca dun turismo de aventura, natureza, arqueoloxía ou investigación. A tempada de maior afluencia son os meses de maio, xunio, xullo e agosto. O número total está entre os 300 e 500 anuais.

Na microcuenca do río Vilcabamba poden encontrarse servicios de aloxamiento en Huancacalle e Pucyura. En Huancacalle existen dous aloxamentos hosteleiros (20 camas), ademáis de casas a disposición do turista (20 camas), destacando tamén

a recente construción dun camping en Huancacalle, gracias ó proxecto de cooperación da Xunta de Galicia levado a cabo por Labañou Solidaria e a súa contraparte local (GGAD) (ano 2005). Este camping está sendo xestionado pola Asociación de Mulleres Artesáns “Las Koyas de Huancacalle”. Na súa maioría, estes aloxamentos precisan mellorar ámpliamente as súas instalacións.

No ano 2006, a ONG Labañou-Solidaria xunto coa súa contraparte local “Grupo generador del avance distrital (GGAD) teñen presentado un proxecto á Xunta de Galicia para fortalecer o proceso de desenvolvemento no Distrito de Vilcabamba, tendo como eixo o desenvolvemento dun modelo de turismo vivencial, que permita **interconectar e poñer en valor** todos os recursos da microcuenca do río Vilcabamba (agricultura e gandeiría, artesanías, patrimonio, etc.), así como **traballar transversalmente outros aspectos** esenciais para un desenvolvemento armónico (educación, sanidade, participación local, medio ambiente, reforzamento institucional e xénero).

Este proxecto de cooperación desenvolveuse entre os anos 2006 e 2007, sendo este resumo de execución o correspondente á segunda anualidade (2007).



### **3.- RESULTADOS AGARDADOS “ANTES DO INICIO DO PROXECTO”:**

Coa posta en marcha deste proxecto bianual, agardábase acadar os seguintes resultados:

- DEFINIR UN **MODELO ORGANIZATIVO PARA A COMUNIDADE** DE CARA Á EXPLOTACIÓN DO TURISMO EN VILCABAMBA, RESPETUOSO COA CULTURA LOCAL E QUE BENEFICIE Á COMUNIDADE NO SEU CONXUNTO.

*A este respecto tense creado unha asociación empresarial AMIT, que agrupa a todo o empresariado local relacionado co turismo, para comercializar o destino. O feito de realizar o Congreso de Turismo Vivencial e coñecer todas as iniciativas do sul do Perú, ten permitido debatir e comparar modelos.*

- **CAPACITAR ÓS AXENTES** QUE PRESTARÁN SERVIZOS TURÍSTICOS

*Se ten desenvolto un programa formativo dirixido ós axentes relacionados co turismo (prestadores de servicios, técnicos e políticos municipais).*

- **DOTACIÓN DUN FONDO DE MICROCRÉDITOS**, PARA QUE COMO MÍNIMO SURXISEN 5 MICROEMPRENDEMENTOS EN VILCABAMBA DIRIXIDOS A MULLERES.

*Se teñen superado con creces as expectativas, tanto de solicitudes como de microcréditos concedidos, fundamentalmente a mulleres*

- ELABORACIÓN DUN **PLAN ESTRATÉXICO DE PRODUCCIÓN AGRARIAS**

*Se ten elaborado un Plan agropecuario de xeito participativo coa poboación. Se ten iniciado a súa posta en marcha a través de iniciativas privadas que teñen sido beneficiarias dun microcrédito.*

- **ESTABLECEMENTO DE REDES** ENTRE VILCABAMBA E AS SÚAS INSTITUCIÓNS PROVINCIAIS E REXIONAIS QUE TRABALLAN NO SECTOR DO TURISMO.

*Se ten desenvolto un Congreso de Turismo que ten propiciado o inicio de relacións entre o municipio e os empresarios con outros de fora do territorio.*

- **Avaliación por unha consultora externa** do traballo realizado nos últimos seis anos por parte da ONGD Labañou-Solidaria en Vilcabamba (Perú)

*Se ten unha visión máis clara e realista dos impactos da actuación, o grao de integración e aceptación local do proxecto e da ONG e orientacións de futuro.*

#### **4.- OBXECTIVOS FIXADOS PARA O PROXECTO BIANUAL 2006 – 2007:**

Obxectivo 1: Capacitación dos axentes que prestarán servizos turísticos e dos axentes institucionais.

Obxectivo 2: Posta en marcha dunha liña de financiamento para mellora ou creación de pequenas iniciativas empresariais.

Obxectivo 3: Deseño dunha Axenda 21 escolar piloto en Vilcabamba.

Obxectivo 4: Elaboración dun plan estratéxico para aposta en valor das producción agrarias.

Obxectivo 5: Promocionar el destino turístico vivencial "Vilcabamba", para incrementar el número de pernoctaciones.

Objetivo 6: Avaliación externa, seguemento e reorientación do proxecto de cooperación.

XÚNTASE A CONTINUACIÓN O **CRONOGRAMA FINAL** DE EXECUCIÓN DO PROXECTO:



### 5.- CRONOGRAMA DEFINITIVO DE EXECUCIÓN DE ACCIÓNS (2006-2007)

ACCIÓN	MES																
	Xuñ/2006	Xull/2006	Ag./2006	Set./2006	Out./2006	Nov./2006	Dec./2006	Xan/2007	Feb/2007	Mar/2007	Ab/2007	Ma/2007	Xñ/2007	XII/2007	Ag/2007	Set/2007	
1	Curso manexo equinos (Asociación arrierios "Los Chaskis")							Executada 2006									
2	Excursión-visita estudio a experiencias Turismo Vivencial							Executada 2006									
3	Curso capacitación para Guías de sitio							Non realizada									
4	Curso mellora artesanías en lá (Asociación "Las Koyas")							REPROGRAMADA		P	P	Executada					
5	Curso de elaboración de pan							REPROGRAMADA						Executada			
6	Talleres para capacitar á poboación local <i>Presupostos participativos municipais</i>						P	P	P	Executada							
7	Impartición 2 seminarios de capacitación para persoal técnico da municipalidade							P	Executado								
8	Celebración Congreso Internacional de Turismo Vivencial							P	P	P	P	Executada					
9	Posta en marcha dunha liña de microcréditos							P	P	P	P	P	Executada				
10	Deseñar Axenda 21 escolar piloto en Vilcabamba									P	P	P	P	P	Executada		
11	Deseño Plan estratéxico de producións agropecuarias							REPROGRAMADA		P	P	P	P	Executada			
12	Actividade de promoción do destino turístico "Vilcabamba"							EXECUTADA 2006									
13	Avaliación externa impacto traballos da ONG Labañou-Solidaria desde o ano 1999. Avaliación proxecto 2006-2007							EXECUTADA 2006									

P) preparación da actividade (coordinación, difusión, obras necesarias, contactos institucionais, preparación proxecto)

E) execución temporal da actuación (momento exacto da actividade)



Labañou Solidaria

Nº REXISTRO GALEGO ONGD: 98

## **6.- TÁBOA RESUMO DA EXECUCIÓN DO PROXECTO BIANUAL NO ANO 2007 E INDICADORES DE REALIZACIÓN**

Nas táboas seguintes se recollen os obxectivos do proxecto, as accións, indicadores, grao de execución e observacións sobre o desenvolvemento do proxecto durante o segundo e último ano (2007).

NON SE RECOLLEN AS ACTUACIÓNS EXECUTADAS COMPLETAMENTE DURANTE O ANO 2006.



OBXECTIVO	ACCIÓNS	EXECUTADO 2007	INDICADORES	OBSERVACIÓNS E GRAO CONSECUCIÓN RESULTADOS AGARDADOS
<b><u>OBXECTIVO 1</u></b>  Capacitación dos axentes que prestarán servizos turísticos e dos axentes institucionais	Curso de Guías de sitio	Non		-Definitivamente non se ten realizado este curso dirixido á poboación local, pois existe incompatibilidade para traballar como "Guías de sitio" a persoas non tituladas en Turismo.  -ESTA ACTUACIÓN NON FOI EXECUTADA POR ESTE CONDICIONANTE
	Curso de mellora de artesanías	Sí	-Asistencia de 10 persoas -Factura honorarios profesor	-Asistencia moi importante. -Se teñen solicitado 2 microcréditos para mellorar produción de artesanías -Curso impartido por artesán que colabora coa Dirección General de Turismo de Cusco -Se ten iniciado na mellora dos acabados, así como na elaboración de novos deseños e novos produtos (tipo recordos para turistas)
	Curso de panadería	Sí	-Asistencia de 3 persoas -Factura honorarios docente	-Curso impartido na Casa de Labañou-Solidaria en Pucyura -Tense utilizado o forno para impartir o curso práctico -Ten xurdido un microcrédito para mellorar unha panadería



	Taller Turismo e municipalidade	REFORMULADO EN: GESTIÓN MUNICIPAL Y PRESUPUESTO PARTICIPATIVO (ver seguinte)		
	Taller Sanidade, saúde e turismo	REFORMULADO EN: GESTIÓN MUNICIPAL Y PRESUPUESTO PARTICIPATIVO (ver seguinte)		
	<b>GESTIÓN MUNICIPAL Y PRESUPUESTO PARTICIPATIVO</b>	Executado mediante Convenio con GUAMÁN POMA DE AYALA	<p>-Curso capacitación "Sistema de Planeamiento de Desarrollo Local y el Diseño Organizativo Municipal"</p> <p>-Curso capacitación: "Presupuesto Participativo y Proceso de Rendición de Cuentas" (realizado fines de abril)</p> <p>-Seminarios: "Estrategias para Rendición de Cuentas y Proceso de Vigilancia Ciudadana"</p> <p>"Facilitación del Proceso de Presupuesto Participativo para el ejercicio fiscal del año 2007"</p> <p>"Asesoramiento al Equipo Técnico de Municipalidad para iniciar el diagnóstico para implementar el Plan de Desarrollo Concertado de la Municipalidad"</p>	<p>-As dúas capacitacións anteriores se reformularon baixo o nome "Gestión municipal y presupuesto participativo", de forma que todos os asistentes (organizacións de base, técnicos e políticos municipais, puidesen asistir a todas as temáticas)</p> <p>-Ver informe final das capacitacións</p>



OBXECTIVO	ACCIÓNS	EXECUTADO 2007	INDICADORES	OBSERVACIÓNS E GRAO CONSECUCCIÓN RESULTADOS AGARDADOS
<p><b><u>OBXECTIVO 1</u></b></p> <p>Capacitación dos axentes que prestarán servizos turísticos e dos axentes institucionais</p>	<p><b>Realización do 1º Congreso Internacional de Turismo Vivencial</b></p> <p>(19 a 20 maio 2007)</p>	<p>Sí</p>	<p>-Existencia de Poster anunciador (ver anexo)</p> <p>-Asinado convenio entre institucións para organizar o Congreso (ver Convenio en anexo)</p> <p>-Asistencia de Subdirector Ordenación Turística da Xunta de Galicia como ponente</p> <p>-Asistencia profesor de Turismo da USC</p> <p>-Xúntase Programa como anexo</p> <p>-Nº asistentes ponentes: 8 personas</p> <p>-Nº asistentes poboación local: 70 pers.</p> <p>-Tanto pola asistencia de institucións, como as experiencias de turismo vivencial que presentaron o seu modelo, como pola asistencia da poboación local, o Congreso pode considerarse que ten sido un éxito</p>	<p>-Ver arquivo coas conclusións do Congreso</p>



OBXECTIVO	ACCIÓNS	EXECUTADO 2007	INDICADORES	OBSERVACIÓNS E GRAO CONSECUCIÓN RESULTADOS AGARDADOS
<p><b><u>OBXECTIVO 2</u></b></p> <p>Posta en marcha dunha liña de financiación para a mellora ou creación de pequenas iniciativas empresariais</p> <p><b>(MICROCRÉDITOS)</b></p>	<p>-Se ten contratado un técnico en Vilcabamba facilitador coa poboación</p> <p>-Se completou o proceso de difusión con éxito.</p> <p>-Éxito rotundo na presentación de solicitudes, moi por enriba das expectativas</p> <p>-Achéganse informes e xustificantes</p>	<p>Totalmente</p>	<p>-Se teñen concedido 20 microcréditos por importe de 5.000 €.</p> <p>-Se teñen presentado proxectos por un importe 4 veces superior ós fondos dispoñibles (135 solicitudes: 64% sector agropecuario; 16% turismo; 20% comercio y servicios)</p> <p>-o 85 % das beneficiarias son mulleres</p> <p>-O 65 % están relacionados coa actividade turística</p> <p>-Existe tamén un importante peso do sector agropecuario</p>	<p>-Realizado un importante proceso de dinamización da poboación local, moi exitoso tendo en conta os resultados</p> <p>-Todas as iniciativas empresariais teñen iniciado as inversións.</p> <p>-Se teñen superado con moito as previsións de solicitudes</p> <p>-Actualmente continúa traballando o técnico facilitador contratado pola ONG Labañou-Solidaria (financiado con fondos propios)</p> <p>-Agardarase o seguimento dos microcréditos durante os próximos meses para avaliar os impactos, e plantexar a posibilidade abrir unha nova convocatoria de axudas</p> <p>-Pode considerarse que ten sido a <i>Acción-estrela</i>, tanto pola dinamización provocada como polo elevado número de solicitudes</p>





OBJECTIVO	ACCIÓN	EXECUTADO 2007	INDICADORES	OBSERVACIÓN E GRAO CONSECUCIÓN RESULTADOS AGARDADOS
<p><b><u>OBJECTIVO 3</u></b></p> <p>Poñer en marcha unha Axenda 21-escolar piloto nun dos Institutos de Vilcabamba</p>	<p>-Execución mediante contratación dunha asistencia técnica</p>	<p>Totalmente</p> <p>-Xúntase documento INFORME FINAL</p>	<p>-Duración final 5 meses</p> <p>-Un curso de xóvenes do Instituto Manco Inca involucrado</p>	<p>-Tense contratado a un técnico galego como desprazado durante 5 meses, por non ter conseguido un técnico peruano para a posta en marcha da Axenda 21 escolar</p> <p>-Se teñen realizado dinámicas formativas con profesorado dos outros institutos. Esta animación se ten visto interrompida por unha folga de profesorado, non sendo posible recuperala.</p> <p>-Se teñen desenvolto actividades de sensibilización ambiental paralelas á Axenda 21 por parte dos escolares (recollida selectiva lixo; programa de radio)</p> <p>-Non se ten conseguido o compromiso dos profesores e directores de instituto para replicar a experiencia</p> <p>-O seu retraso na posta en marcha non ten permitido acadar o Plan de Acción, nin Plan de Participación. Tampouco se ten conseguido sensibilizar ó equipo de goberno local para implementar a Axenda 21 Local en Vilcabamba.</p> <p>VER MEMORIA DE REALIZACIÓN</p>



OBJECTIVO	ACCIÓN	EXECUTADO 2007	INDICADORES	OBSERVACIÓN E GRAO CONSECUCIÓN RESULTADOS AGARDADOS
<p><b><u>OBJECTIVO 4</u></b></p> <p>Elaboración de Plan estratéxico para a posta en valor das producións agrarias</p>	<p>ELABORADO</p> <p>PLAN ESTRATÉXICO AGROPECUARIO</p> <p>(2007-2012)</p>	<p><u>Sí, Totalmente</u></p>	<p>XÚNTASE como anexo</p> <p>Documento: Plan estratéxico</p>	<p>-Tense elaborado un Plan estratéxico para desenvolver as producións agropecuarias en Vilcabamba cun horizonte temporal de 6 anos.</p> <p>-No deseño do Plan teñen participado as organizacións agrarias locais</p> <p>-Ten sido acompañada a súa realización polo Ingeniero Zootecnista contratado pola ONG Labañou-Solidaria.</p> <p>-Froito do proceso de elaboración do Plan teñen xurdido multitude de pequenas iniciativas empresariais, que moitas delas se teñen canalizado a través de microcréditos concedidos pola ONG Labañou-Solidaria (neste ano 2007)</p> <p>-O Plan precisará de recursos económicos, técnicos e humanos para a súa posta en marcha</p>



OBXECTIVO	ACCIÓNS	EXECUTADO 2007	INDICADORES	OBSERVACIÓNS E GRAO CONSECUCIÓN RESULTADOS AGARDADOS
<b><u>OBXECTIVO 5</u></b>  Promocionar o destino turístico vivencial "Vilcabamba"	<b>EXECUTADO 2006</b>		-Se ten incrementado o número de pernoctacións respecto ao ano 2006  -Se ten posto en marcha web para promocionar "Turismo-Vilcabamba"	-O Congreso de Turismo Vivencial ten servido para dar a coñecer o destino, así como a promoción realizada  -Están en marcha varios microcréditos destinados a mellorar os servicios hosteleiros  -Se ten constituído unha Asociación de Empresarios Hosteleiros de Vilcabamba
<b><u>OBXECTIVO 6</u></b>  Avaliación externa do proxecto, seguimento e avaliación	<b>EXECUTADO 2006</b>		-Existe documento compartido por todos os socios e socias da ONG Labañou-Solidaria	-A avaliación ten servido para identificar os puntos fortes e febles do proxecto de cooperación, así como trazar estratexias de fortalecemento  -Algunhas conclusións da Avaliación se teñen introducido nas actuacións executadas durante 2007, aínda que a partires do ano 2008 deberá ser o da posta en marcha das "recomendacións"

Asdo.: José Luis Astray Coloma  
Presidente

DECEMBRO, 2007